

Lema: " VENTO ORFO "

Titulo: " Antifona da Galicia presentida. Galicia,
salmo da voz pra darse ".

Autor: XAVIER RODRIGUEZ BARRIO

Domicilio: Casas Sindicales nº 4-2ª dcha.

LUGO

1-1976 / Xanet Rodriguez Barrio

" Pra o Premio Poético JOSE MARIA CHAO LEDO "

ANTIFONA DA GALICIA PRESENTIDA. GALICIA, SALMO DA VOZ PRA DARSE

Lema: " VENTO ORFO "

- I -

Regreso sobre o meu rastro
chego de lonxe e veño canso.
Deixei nos ruceiros dislocados
o sangue todo dos meus pés en carne viva.
Perdín noción e data do sempre por pasar por todo unha vez.
Eu que tanto camiñei teño dereito a un alto.
Galicia,
inantes de que encete de novo a camiñar
(verba con verba, noite con noite).
Inantes de vivir por sempre en cinza inerme,
inantes de todo iso:
Falemos.
Axúdame, Galicia, a ser eiquí. Axúdame.
Entretén con diques-verbas, o "mare magnum" do silencio
(inda é cedo ser romeiro).
~~Non deixes que me troque en carne de orfandades non nonatas.~~
Realízame con lama (a xeito de biblia anterga):
Ulido norde, mapa montesío, terra preñada!
Cincente espírito, eido abrollante, terra preñada!
Terra preñada, febril granada, terrón labrego, sempre axexada, terra preñada

- II -

Galicia, cecáis o mar nunca morréu e tí és sangue, loita brutal, vida.
Sómentes.
O tempo é teu, o soño é teu, o pulo é teu, o porvir é teu, o trunfo é teu.
Todo é teu porque sabes penetrar no quente latexo das cousas.
Tí és area, porque a pedra é silencio.
(Eu non sei de mar nin de vento).
Tí és carne, porque calar é óso.
(Delúrese o "ad petendam mortem").
Tí és sempre, porque endexamáis non é nada.
(Cando estou sólo síntome Dios).
Tí és orixen, porque o fin é cadea.
(Repito que non sei de mar nin de vento).

- III -

Non te durmas, Galicia, nas roxas veas do presente, esperta prós mañás /incertos,
pesa, cuspe, borra, berra, late, mide, dura, pasa,
madurando, quedando
vibra,
quedando, madurando, vibrando, vibrando,
vibra
con bocanadas quentes,
quedando
con luz e sin silencio madurando, medrando
vibra,
sin lixos, sin días, sin tapias vibrantes:
Violenta, abraiante, irreducíbel.

- IV -

Tí coñeces a vida de moitas mortes.
-- Disgrégate dislocadamente nas moléculas do tempo-lúa--
(horas-horas, horas-sangue, horas-días, horas-morte, horas-anos, horas-vi
Galicia, o mencer é compartido, presentido, crabuñado,
neste serán de esquezo que pra mín solo és presencia.
(A loita é atopar onde fican os camiños).

- V -

Ai, Galicia!, túa, bradeira, silandeira, núa.
Ventado fogar ceibe con soños infinitamente.
Terra filla de caste de terra.
Eixe firme con pulo de loita por chegar a Algures.
Delurar a verba Galicia, é maxinar:
Negrura de enleas, corgas de aldraxe, terra espranzada:
mar no que aínda non naufragóu ningún soño.
Galicia!, vento de calado nome con silencio mouro.
Galicia!, apalpando os atallos do tempo.
Galicia é
todo Espranza e algo máis.
Galicia é
sómentes iso.

Escoita, Terra, retratando con pinceles de carqueixo
no lenzo, no lenzo... No lenzo antre uces e abrollos.
A Espranza por chegar a Algures,
o porvir navega no fonal do instante,
o tempo estático no xabre;
Namentras tí madurando-soñando
vibras,
quedando-vibrando
soñas,
todo o mar, toda a vida, toda a espranza...

(Velahí Galicia,
cómo por vibrar
o noso mar, cecáis, nunca morréu).

-ooOoo-

Lema: " VENTO ORFO "